

MOCIÓN DE AER SOBRE OS SOLDOS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

PLENO 29 DECEMBRO 2011. ACTA 22/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta o establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. (Art. 21. 2):

Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de Presupostos xerais do Estado para o persoal.

Sabemos que a referida lei vai dirixida aos funcionarios e contratados, pero non nos parece xusto que os políticos non se apliquen os axustes que si aplican aos empregados públicos. Sabemos que calquera proposta que fagamos de redución non foi nin será aceptada, agás o que pasou no caso dos voceiros.

Temos como precedente o acordo do anterior goberno local respecto do incremento das retribucións dos membros da Corporación, axustando este incremento ao establecido nos Presupostos Xerais do Estado.

Consideramos tamén que os incrementos porcentuais supoñen aumentar a desigualdade entre os que máis cobran e menos cobran (por si non fora bastante). Parécenos razoable que os incrementos sexan lineais, aplicando a porcentaxe ao soldo máis baixo e subindo esa mesma cantidade ao resto de membros da corporación.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte **acordo**:

Que se modifique o acordo adoptado no Pleno do día 27/06/2011 respecto das retribución dos diferentes compoñentes da actual corporación, establecendo os Presupostos Xerais do Estado como referencia para o incremento, no seu caso, de ditas retribucións. O incremento será lineal, aumentando a todos os membros da corporación a mesma cantidade que se lle aplique aos concelleiros sen responsabilidade de goberno."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por 11 votos a favor (8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e 10 abstencións (PP) acordou aprobar nos seus propios terminos a moción transcrita.